

DECRETO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2026/G007/000018

EXPEDIENTE: 2026/G003/001605

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20260922

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **22 DE SETEMBRO DE 2026 (martes), ás 09:30 horas (nove e media da mañá), na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES: - ORDINARIA do 8 de setembro de 2026
2.-LICENZAS DE OBRA. a)Expediente nº: 2026/U022/000020 Promotor: GANADERÍA RIEIRO SC Obra: Ampliación de establo de explotación gandeira existente e construción de silo forraxeiro Situación: Os Picotos. Santa Sabiña Licenza de obra nº: 26/26 b)EXPEDIENTE: 2025/U022/000029 ASUNTO: Autorizar a execución das obras correspondentes ao “PROXECTO DE EXECUCION DE LEGALIZACION E AMPLIACION DE EXPLOTACION DE VACUN DE LEITE”. Obras que contan coa licenza de obras nº 19/26. SITUACIÓN: Lg. Tapia. Mallón. SOLICITANTE: GANADERÍA CANILLAS S.C.
3.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.
4.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.
5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria do 8 de setembro de 2026 foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 17/09/2026, rexistro de saída núm. 202600000002367/17-09-2026.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Dou fe. A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada